

## MESA SECTORIAL

02/10/2023

**1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E AS CONDIÇÕES LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTES DA COMUNIDADE DE GALICIA QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.**

Desde ANPE Galicia levamos moitos anos, e especialmente os dous últimos cursos, demandando o comezo de negociacións para tratar, entre outras cuestións importantes, tres aspectos que son fundamentais desde a nosa organización para a mellora do Ensino Público: **a redución de rateos, a redución de horario lectivo do profesorado e a redución da burocracia.** Vemos agora que a Administración nos presenta un documento que parece iniciar ditas negociacións, pero non consideramos axeitada a forma que utiliza a Administración xa que nos envía un documento un venres para comezar a negociar un luns sen tempo suficiente para poder facer un estudo pormenorizado do documento. **Agardamos que sexa un documento inicial de mínimos que marque o comezo das negociacións xa que doutro xeito non é susceptible de acordo por parte de ANPE xa que non recolle aspectos fundamentais como son a restitución do horario lectivo do profesorado a 21 horas no corpo de mestres e a 18 horas nos restantes corpos. Tampouco se fala de inclusión, de computo de alumnado repetidor dentro das rateos, da recuperación das licenzas por formación non retribuídas, entre outras moitas cuestións. Trátase de recuperar todos os dereitos perdidos nos últimos anos ademais de incorporar cuestións novas.**

**— RATIOS**  
**+ PROFESORADO**

Entrando dentro do documento proposto botamos en falta que haxa unha exposición de motivos. **Consideramos importante que o ámbito de aplicación do hipotético acordo inclúa a todo o persoal docente e a todos os centros sostidos con fondos públicos.**

En relación á **redución de rateos para ANPE é unha liña vermella. É fundamental que afecte a todos os centros sostidos con fondos públicos.** Reducir as rateos soamente nos centros públicos permitindo que os centros concertados manteñan a rateos que queiran suporía a morte por inanición do ensino público. O calendario proposto para aplicar a redución das rateos é inasumible. Tamén é inasumible que non se contemple redución de rateos en FP e Bacharelato.

**18H. SECUNDARIA**  
**21H. PRIMARIA**

**A nosa proposta é reducir rateos a 15 alumnos en Educación Infantil, 20 en primaria, 25 na ESO e entre 26 e 27 en Bacharelato e F.P.**

Demandamos coñecer a evolución prevista para o número de alumnado nos vindeiros anos. A negociación debe vir encamiñada a evitar as supresións de profesorado e de unidades educativas que se están incrementando nos últimos anos.

**Non se contempla no documento presentado para ter en conta as rateos das aulas o alumnado con necesidades educativas específicas nin ao alumnado repetidor. Tampouco se ten en conta a inclusión.**

Debe aplicarse o acordo, asinado por esta organización sindical, de agrupamentos.

## MESA SECTORIAL

02/10/2023

Botamos en falta un punto 3 no texto do Acordo proposto que estableza a **restitución do horario lectivo do profesorado a 21 horas lectivas no corpo de mestres e a 18 nos restantes corpos e incluír, así mesmo, o horario laboral semanal de 35 horas**. Debería abordarse tamén a redución da duración das sesións lectivas nos CIFP a 50 minutos.



En relación á mellora retributiva prevista para os sexenios, desde ANPE Galicia solicitamos que se estableza algún tipo de complemento para un sexenio cero para non deixar fora a ningún docente. **A proposta de ANPE en canto á subida do complemento dos sexenios é a seguinte: un 30% de subida a un ano ou un 40% de subida a dous anos. Solicitamos tamén, a retirada do punto 3.2, xa que non consideramos adecuado que a percepción do sexenio estea supeditado á acreditación da competencia dixital docente.** Os sexenios deben estar ligados unicamente á formación permanente.

En relación á subida salarial proposta para os órganos unipersoais de goberno dos centros educativos **desde ANPE valoramos que, despois de levar moitos anos con esta demanda, se contemplan aos responsables dos centros de menos de 3 unidades.**

A proposta de ANPE neste apartado é dunha subida do 60% nun ano ou do 90% en dous anos. **Ademais solicitamos a supresión da incompatibilidade de cobro de varios cargos.** Non é de recibo que unha persoa que exerce a xefatura de departamento (por poñer un

exemplo) non perciba dito complemento se forma parte do equipo directivo.

**Debe recollese no documento do Acordo algunha medida que potencie a titorización efectiva do alumnado:** o establecemento dun complemento retributivo específico, redución horaria que se debe negociar cando se establezan os ROC para esta función, ou limitación do número de alumnos que se poden titorizar.

Con respecto as coordinacións desde ANPE Galicia **demandamos que TODAS teñan un complemento retributivo. Non entendemos porque en Galicia a única coordinación que se paga é a de normalización lingüística. Igual que se cobra esta deben cobrarse todas as demais.**

O apartado de “Medidas complementarias” debe ser obxecto, no transcurso da negociación, de incorporación de amplas melloras. No apartado 5.3 consideramos insuficiente o importe das axudas. **Debemos incluír a restitución das licenzas de formación non retribuídas e da posibilidade de inclusión do “ano sabático” como contemplan outras comunidades autónomas.**



Reclama á Consellería



Debe contemplarse unha redución do 50 % das taxas dos procesos selectivos e das taxas para a inclusión nas listas de interinidades e substitucións.

## MESA SECTORIAL

02/10/2023

É importante abordar o tema de potenciar a atención á diversidade: incorporar medidas como a dotación dun 2º orientador en grandes centros educativos, **voltar a convocar prazas de atención preferente para dar transparencia á súa cobertura, a dotación de profesorado de AL nos IES e especialistas suficientes de PT e AL en todos os centros** ou a redución de rateos das unidades de Educación Especial de 5 a 4 alumnos para dar unha resposta máis axeitadas ás súas necesidades educativas.

Demandamos a restitución de todas as modalidades de axudas contempladas **no Fondo de Acción Social**.



Demandamos tamén que se contemple a **compatibilidade da función docente con outras actividades retribuídas**.

Por último, **debe restaurarse o cobro dos meses de verán para o profesorado substituto que acredite traballar máis de 5,5 meses ao longo do curso escolar**.

A Administración toma nota das propostas realizadas por todas as organizacións sindicais (salvo CIG que non presentou ningunha). Anima á CIG a facer chegar as súas e convócanos a continuar a negociación o mércores ás 10:30 horas.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO XERAL DE TRASLADOS (AUTÓNOMICO).

Desde que no ano 2010 entrou en vigor o actual Real Decreto 1364/2010 que regula o concurso de traslados de ámbito estatal e estableceu o actual baremo de puntuación, moitas cousas teñen cambiado, especialmente no último curso.

**Algunhas destas novidades viñeron, unhas impostas por sentenzas xudiciais e outras por aplicación, no sector docente, de acordos asinados por outras organizacións sindicais para todos os empregados públicos.** Unha aplicación destes acordos de estabilización ao persoal docente que desde ANPE xa advertiamos que, segundo se estaba deseñando sen adaptación ao noso sector, ía traer multitude de problemas e desaxustes, como de feito está ocorrendo.



Entre estas novidades temos **os procesos de estabilización** que se celebraron a finais do curso pasado. Unhos procesos de estabilización que, lembremos, se levan a cabo de dúas formas: a través de concurso-oposición de estabilización que inclúe a tradicional fase de prácticas, polo que os adxudicatarios destas últimas prazas concursarán con 0 puntos como funcionarios en prácticas que son; e, **por outro lado, a través dun concurso de méritos, cuxos adxudicatarios de praza son, desde o 1 de setembro, funcionarios de carreira, é dicir, concursa con puntos desde este ano.**

Todas estas novidades e modificacións que afectan ao concurso de traslados fan inevitable ter que abordar unha reforma do mesmo e, polo tanto, da norma que o sustenta. O escenario actual, coas novidades citadas, nada ten que ver coa situación que había no ano 2010. **Por este motivo, desde ANPE, volvemos a pedir ao Ministerio que, consensuado coas CCAA e, por suposto, cos representantes do profesorado, se aborde unha reforma completa do actual concurso de traslados que dea resposta satisfactoria á nova situación creada e que non se estea parcheando o Real Decreto a golpe de**

## MESA SECTORIAL

02/10/2023

sentenzas xudiciais provocando un desequilibrio do mesmo.



Esta reforma do concurso de traslados debe ser acordada entre o Ministerio e as CCAA contando, por suposto, coa negociación previa de dita reforma cos representantes do profesorado e na que ANPE, como sindicato maioritario en todo o Estado, defenderá os intereses do colectivo docente.

Feitas estas consideracións previas, e entrando na convocatoria de concurso deste ano, desde ANPE Galicia demandamos tamén a convocatoria de Concurso de Adultos e de Equipos de Orientación Específicos. **A Administración confirma que haberá concurso de orientación e que valorarán se hai vacantes para convocar o concurso de adultos.**

En relación ás vacantes desde ANPE consideramos que deberían sacarse o maior número de vacantes posible. Debe dotarse de persoal de AL aos IES e un segundo orientador/a nos grandes centros así como, aumentar o profesorado de PT e AL. No corpo de mestres deben cumprirse os catálogos e afianzar as prazas habilitadas e de nova creación en anos anteriores e que xa poden ofertarse neste concurso. No caso dos restantes corpos **demandamos que se centralice a negociación das vacantes na Consellería como xa se fixo algún ano** para que haxa equidade entre as provincias e así evitar novamente os problemas que provocan algunhas xefaturas territoriais. Consideramos que **as vacantes provisionais deberían vir publicadas na Orde de convocatoria** como un Anexo á mesma

e as vacantes definitivas antes da finalización do prazo de reclamacións e renuncias.

Demandamos que non se adxudiquen de oficio prazas en especialidades diferentes á especialidade de ingreso para evitar, sobre todo, perder especialistas PT, AL... que obteñen o seu destino por primaria.

Debemos coñecer todas as prazas estruturais para poder facer un estudo detallado das vacantes. **A Administración resposta que está facendo o estudo para determinar todas as prazas estruturais.**



Todas as vacantes dos CRA`s deberían ser consideradas itinerantes a efectos do Concurso.

En relación ao baremo solicitamos:

- Puntuación no apartado de antigüidade para o ano de funcionario en prácticas. Non é comprensible que se puntúe no apartado de antigüidade os servizos prestados como interino/a pero non os prestados como funcionario/a en prácticas.
- Puntuación para responsables de centros de menos de 3 unidades.
- Puntuación para quen sexa titor/a efectivo/a dun grupo de alumnos.
- Contabilizar certificacións lingüísticas á marxe das da EOI.
- Puntuación das titorías do alumnado do Mestrado de Formación do Profesorado independentes doutros cargos recollidos no punto 4.
- Puntuación para o persoal que exerza funcións directivas en ausencia do seu titular. Botamos en falta a puntuación de determinadas coordinacións e asesorías,

## MESA SECTORIAL

02/10/2023

sobre todo en relación aos CIFP, polo que demandamos a revisión deste apartado do baremo.

- Demandamos a eliminación do tope de 1 mestrado ou doutoramento.
- Demandamos puntuación de certas titulacións elementais e superiores dos conservatorios dentro do apartado de titulacións superiores xa que non se están a valorar como tales.
- **Denunciamos novamente os problemas que presenta ano tras ano a comisión de baremación das publicacións.** Solicitamos, así mesmo, que se fagan públicos os motivos polos que non se bareman determinadas publicacións para poder facer unha reclamación con coñecemento de causa e razoada. **NECESITAMOS UNHA SOLUCIÓN XA!**
- Solicitamos que se faga pública unha resolución de fin de baremación para que os participantes poidan saber cando comezar as reclamacións ao baremo.
- **En relación á puntuación por centros de difícil desempeño demandamos que non sexa consumible.** É algo que a Administración se comprometeu a estudar e a mirar, en liña coas sentenzas ao respecto producidas en Castela A Mancha. **A Administración resposta que a sentenza de Castela A Mancha non é de aplicación no resto do Estado e que están a aplicar a norma marco. Están pendentes de aclarar este punto o máximo posible.**
- Demandamos información sobre como se van desenvolver as liñas de actuación do Ministerio que cofinanza con 30 millóns de euros. Faltan por desenvolver liñas como RAOGAL, Códigos 4.0, Financiación de libros de texto, etc.
- Demandamos que se dea liberación horaria para as coordinacións de benestar nos centros educativos e que esta non quede supeditada á dispoñibilidade horaria do centro.
- Demandamos o cobro do complemento de asesoría para todo o profesorado dos polos creativos e tamén do ADIX que fixo todo o traballo de desenvolvemento dos polos o curso pasado.
- **Denunciamos o incumprimento dos Catálogos de primaria.** Hai xubilacións a 31 de decembro que se están amortizando incumprindo, deste xeito, os catálogos.
- Solicitamos que se inste a Función Pública á instauración da xornada laboral semanal de 35 horas.
- Solicitamos información sobre se o establecido no RD Lei 5/2023 en relación aos permisos e licenzas precisa unha adaptación normativa da Lei de Función Pública de Galicia ou é de aplicación directa. **A Administración resposta que algún dos aspectos recollidos no RD Lei 5/2023 precisan desenvolvemento normativo ou modificación da normativa específica galega. Outros son de aplicación directa.**

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandamos, como xa fixemos por escrito, que se restaure o cobro dos meses de verán para o profesorado substituto que acredite traballar 5,5 meses ao longo do curso.
- Demandamos que se recoñeza a coordinación Erasmus tamén nos IES e non soamente nos CIFP como recolle a normativa.



**MESA SECTORIAL**  
**02/10/2023**

